

Xuño 2017

A SALA DO SOCIAL DO “TSXG” CONFIRMA A SENTENZA DO XULGADO DO SOCIAL Nº 2 DE FERROL SOBRE A APLICACIÓN DO “CDP” NO “CADP SOUTO DE LEIXA”, DIANTE DO CONFLICTO COLECTIVO PLANTEXADO POLA CIG-ENSINO DE FERROL

A Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza ven de confirmar a sentenza que xa emitira o Xulgado do Social Nº 2 de Ferrol ante o conflito colectivo, plantexado pola CIG.-ensino, no que se condena á empresa CLECE SA. , xestora do CADP Souto de Leixa de Ferrol a aboar a cuantía do 3,7% do salario como paga de antigüidade a tod@s @s traballador@s dende o 1 de xullo de 2015 e non o 1,9% que está aplicando por non ter definidas as competencias profesionais dos postos de traballo antes do 31/12/2013, aínda que a empresa CLECE aduce no seu recurso que sí a fixo en tempo e forma e que como reza a sentenza “...que antes desa data era preciso ter definidos os perfís dos postos de traballo... e remitir á comisión paritaria esa primeira definición que tería que recibir antes do 31 do 01 de 2014, realizada e asinada pol@s traballador@s..., cousa que a empresa non fai ata xaneiro de 2014” pero que a sala que xulga di “ ...que non se deu cumprimento material a definición individual de competencias senón só formal e insuficiente...e a identificación das competencias profesionais debía chegar a Comisión

Paritaria antes do 31 decembro de 2013 e non en xaneiro de 2014...”

Dende a CIG.-ensino de Ferrolterra queremos mostrar a nosa satisfacción por este gran logro en defensa dos dereitos laborais e económicos da xente que traballa neste centro, no que a precariedade e os baixos salarios son o pan de cada día. Isto vai supor un pequeno salto no concepto retributivo da antigüidade pois aqueles que cobran o 1.9% de CDP van pasar a cobrar o 3,7 % e os que non o estaban a percibir cobrarán directamente o 3,7%. Polo tanto parabéns para tod@s e grazas pola espera, xa estamos máis cerca.

Decir tamén que a sentenza aínda non é firme e cabe recurso de Casación (petición de anulación da mesma diante deste mesmo tribunal). Para isto e segundo os servizos xurídicos da CIG, a empresa tería que presentar outra sentenza, que nun caso similar, díctase outro fallo diferente. Se non o presentan ou se este tribunal non acepta o recurso de Casación, o conflito colectivo remataría aquí e empezariamos a facer as reclamacións individuais das cantidades adebedadas por este concepto. Se admítise o recurso ao

millor a empresa iría ao Tribunal Supremo. Os nosos servizos xurídicos creen que o asunto vai rematar aquí e van ter que aboar as cantidades nos vindeiros meses.

A sentenza tamén obriga a empresa a consignar as cantidades pero como non están feitos os cálculos individuais (non se sabe canto se lle adebeda a cada traballad@r) non o ten que facer ata que a sentenza sexa firme e se presenten as demandas de cantidades do que corresponda a cada quen.

Polo tanto falta menos e estamos no bo camiño para que recuperedes os vosos dereitos que ilexítimamente vos querían usurpar.

Isto é tamén unha mostra de que se loitamos unid@s podemos lograr a restitución dos nosos dereitos e facer fronte ás ameazas e as pretensións do capital de levarnos a maior das precariedades. Adiante coa loita!!!

CIG-Ensino
Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,
15403. Ferrol
Tlf. 981358750
Fax. 981358760
ferrol@cig-ensino.gal